

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

Para a elaboración da presente programación tivose en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

As liñas básicas desta programación son a educación en valores, o fomento de actitudes de respecto, cara ás culturas e a diversidade das persoas, a igualdade de xénero e a non violencia, nunha aula inclusiva, que recoñece a diferenza como virtude e a diversidade como capacidade. A coeducación, multidisciplinar e afectiva, a cooperación, globalización de contidos, mediante o uso de metodoloxías activas, participativas e comunicativas, e por suposto dende as emocións. Enseñando a convivir como aproveitamento dunha sociedade en pequeno, que é a escola. Intercambiando boas prácticas de convivencia, para a educación emocional, xestión e resolución pacífica de conflitos. O uso das continuado das TIC, nesta sociedade do coñecemento, dotando ao alumnado, nativo dixital, das ferramentas necesarias para chegar as redes de información precisas en cada momento. Tendo en conta a comunidade educativa, dende unha "Cultura Colaborativa", onde toda a comunidade está implicada e participa a prol da evolución positiva dos nosos nenos e nenas, onde a función tutorial será principalmente o acompañamento ao alumnado, no proceso de converterse en persoas capaces de construír un proxecto persoal e propio de vida. Axudarlles a desenvolver as súas competencias, valores, e habilidades que lles permitan tomar decisións como persoas autónomas.

O centro ao que vai dirixida é un CEIP de titularidade pública enmarcado nunha zona rural do sur da provincia de Lugo. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. Conta cun total de 19 mestres e mestras e 147 alumnos e alumnas, os cales se dividen en 3 unidades de educación infantil e 7 de educación primaria. O centro oferta as materias pertinentes do currículo de Educación Infantil e Educación Primaria. A lingua estranxeira ofertada e o inglés, así mesmo, ofértase unha sección bilingüe na materia de educación artística (plástica) nos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de educación primaria.

O grupo de 1º de educación primaria está formado por 15 nenos e nenas. Cada un deles/as é un ser único que segue o seu propio proceso de desenvolvemento. O comezo deste período está caracterizado pola aparición das operacións concretas, mentres que o que caracteriza o seu final é a emerxencia do pensamento formal. O alumnado neste momento evolutivo experimenta unha verdadeira "Revolución Cognitiva".

O coñecemento das características xerais dos nenos, axudaranos a estruturar mellor o noso labor docente para organizar o proceso de ensino-aprendizaxe e axustarnos ás necesidades, ritmos, estilos e intereses individuais de cada alumno e alumna. Nestes termos preténdese unha atención individualizada tendo en conta as medidas pertinentes de atención á diversidade, seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As unidades didácticas estarán divididas en trimestres, correspondendo 3 a cada un destes períodos de tempo, e unha unidade transversal que se traballa en cada un dos trimestres. As unidades didácticas están elaboradas cun enfoque globalizador, é por iso que os títulos das mesmas coinciden ou se asemellan nas diferentes materias co fin de facilitar as aprendizaxes do alumnado centrándonos sempre nun mesmo contexto en cada unha das materias. Cabe destacar que no centro levase a cabo un PDI "Un territorio con moita Historia" que se traballará ao longo dos tres trimestres e é o eixo vertebrador ou fío conductor de toda a programación didáctica. Participamos no Plan Proxecto "Proxecto Terra", Contratos Programa, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e Biblioteca Creativa. Incidir tamén na importancia do uso dos contos, non so como principal ferramenta para achegarse e asentar a lectoescritura, tamén para favorecer un adecuado hábito lector e gusto pola lectura.

En canto a área de matemáticas, indicar que xogan un papel indispensable na sociedade, forman parte do noso acervo cultural e están presentes en calquera actividade humana. O seu carácter instrumental vincúlase á maioría das áreas: ciencias naturais, ciencias sociais ou arte (música, arquitectura, cine).

Os descubrimentos matemáticos permitiron o desenvolvemento de ámbitos tan diversificados como os arquitectónicos, informáticos, tecnolóxicos, astronómicos ou sociais.

Ademais, as matemáticas teñen un valor propio, son un conxunto de ideas e formas de actuar que permiten coñecer e estruturar a realidade, analizar e obter información con conclusións que inicialmente non estaban explícitas. As matemáticas integran características coma o dominio do espazo, tempo, proporción, optimización de recursos, análise de incertidume ou xestión de tecnoloxía dixital; promoven o razoamento, argumentación, comunicación, pola súa veracidade, toma de decisións ou creatividade.

O desenvolvemento curricular da área de Matemáticas está orientado ao logro do propósito da educación primaria e presta especial atención ao desenvolvemento e adquisición de habilidades clave conceptualizadas no perfil de competencias que os estudantes deben lograr ao final desta etapa, e cuxos descritores constituíron o marco de referencia para a definición dos obxectivos de área.

Por último, a avaliación deste documento desenvolverase sobre as bases establecidas na Orde 0e 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, e que, así mesmo, complementa a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	BIENVENIDOS/AS A PRIMERO	Primeira unidade para facilitar o período de adaptación do alumnado. Importancia: adquisición de novas habilidades e rutinas e contribúen ao seu desenvolvemento óptimo e efectivo. Reflexión sobre tipo de operación máis adecuada para resolver cálculos e problemas; representación de datos a través da interpretación de táboas e imaxes explicativas contextualizadas, e vinculación das aprendizaxes con situacións de vida cotiá e a súa utilidade.	5	20	X		
2	LLEGA EL OTOÑO	Pretende despertar o interese do alumnado por explorar a nosa conntorna. Importancia: implementación de procesos de razoamento matemático e desenvolvemento da atención; búsqueda de solucións e formulación de hipótese a partir da observación e experimentación.	10	20	X		
3	TIEMPO DE FIESTAS	Os aspectos máis destacados son: consolidación de conceptos matemáticos básicos sobre o número, operacións sinxelas, formas xeométricas e lonxitudes; interpretación de enunciados gráficos para	10	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	TIEMPO DE FIESTAS	a resolución de problemas matemáticos.	10	20	X		
4	UN INVIERNO EN EL "XEOPARQUE"	Nesta primeira unidade do segundo trimestre centrarémonos na reflexión sobre o tipo de operación máis adecuada para resolver cálculos e problemas; representación de datos a través da interpretación de táboas e imaxes explicativas contextualizadas, e vinculación aos aprendizaxes con situacións de vida cotiá e a súa utilidade.	10	18		X	
5	CARNAVAL CON HISTORIA	Aplicación do razoamento lóxico para resolver actividades matemáticas e sentar as bases para a aprendizaxe; interpretación e representación de datos analizando o contido de enunciados, e elaboración dun informe detallado.	10	18		X	
6	CONTANDO POESÍAS	Representación de datos matemáticos mediante a interpretación de gráficas sinxelas para inferir informacións; aplicación da lóxica para explicar situacións e problemas cotiás.	10	17		X	
7	CHEGA A PRIMAVERA	Aspectos: iniciación no uso do calendario para medir o tempo que transcorre entre diferentes períodos: días, semanas e meses, e vinculalo con actividades cotidianas; búsqueda, interpretación e representación de datos en táboas para facer inferencias e extraer conclusións.	10	19			X
8	AVENTURA EN LAS MONTAÑAS	Traballaranse aspectos como. a identificación e numeración ordeada dos pasos necesarios para resolver problemas e posta en práctica; validación con argumentos das solucións propostas ás súas operacións e problemas matemáticos.	10	18			X
9	UN DESCUBRIMIENTO PREHISTORICO	Nesta última unidade imos traballar como eixo motivador e globalizador a época da Prehistoria. Os aspectos que destacamos son: identificación de corpos xeométricos presentes en obxectos e elementos da nosa contorna; adquisición de coñecementos para coñecer e valorar o uso de tecnoloxías coma ferramenta motivadora de aprendizaxe.	13	15			X
10	Unidade transversal	Nesta unidade traballanse aqueles aspectos que se consideran transversais e son un continuo no traballo da aula.	12	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	BIENVENIDOS/AS A PRIMERO	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas coma axuda na resolución de problemas.	TI	100
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Inventar problemas matemáticos, recoñecendo a súa relación coa vida cotiá e utilizando unha linguaxe matemática sinxela.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Inventar problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá e con outros ámbitos.		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Propor posibles solucións aos problemas e explicar os pasos seguidos na resolución, investigando patróns e utilizando o pensamento computacional.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Propor posibles solucións aos problemas e explicar os pasos seguidos na resolución, investigando patróns e utilizando o pensamento computacional.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Inventar e resolver paso a paso, coa axuda de recursos manipulativos, actividades matemáticas relacionadas coa vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.

Contidos

- Relacións
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Magnitude
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Descrición de obxectos cotiás cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Localización e sistemas de representación
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Relacións e funcións
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
2	LLEGA EL OTOÑO	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Identificar equivalencias numericas e relación número cantidade	PE	60
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias elementais de cálculo.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Identificar en contextos cercanos puntos xeométricos, liñas abertas e pechadas.		
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información dos problemas.	TI	40
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Inventar problemas matemáticos, recoñecendo a súa relación coa vida cotiá e utilizando unha linguaxe matemática sinxela.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Inventar problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá e con outros ámbitos ordenando de maior a menor.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Empregar recursos para representar datos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada. - Magnitude - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.

UD	Título da UD	Duración
3	TIEMPO DE FIESTAS	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información dos problemas de composición e descomposición numérica.	PE	60
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas coma axuda na resolución de problemas de suma e resta		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias para a resolución de operacións de suma e resta.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiáns que se resolven matematicamente.	Medir de maneira individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Responder, de forma oral, as preguntas plantexadas sobre as solucións dos problemas. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.	TI	40
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Propor posibles solucións aos problemas e explicar os pasos seguidos na resolución, interpretación de mensaxes que conteñan información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Propor posibles solucións aos problemas e explicar os pasos seguidos na resolución, investigando patróns e utilizando o pensamento computacional.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Empregar recursos manipulativos para a resolución de problemas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Medición - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións. - Relacións e funcións - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
4	UN INVIERNO EN EL "XEOPARQUE"	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Utilizar estratexias sinxelas coma axuda na resolución de problemas en situación de suma e resta e asociación de núnro cantidade.	PE	60
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Desccribir a idoneidade do uso das diferentes magnitudes de unidades convencionais (metro, centímetro..)		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resoven matematicamente.	Empregar problemas matemáticos de medida, recoñecendo a súa relación coa vida cotiá e utilizando unha linguaxe matemática sinxela.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Establecer conexións matemáticas aplicando os coñecementos adquiridos de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.	TI	40
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Recoñecer diferentes elementos xeométricos (triángulo, cuadrado..) en situacións problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Cantidade

Contidos

- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.
- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Sentido das operacións.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada.
- Magnitude
- Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial.
- Medición
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
5	CARNAVAL CON HISTORIA	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas en situacións de valor posicional, comparación e ordenación (ordinais e cardinais) numeros ata o 99.	PE	60
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Utilizar estratexias sinxelas coma axuda na resolución de problemas en situacións de sumas e restas.		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Descibir obxectos cotiáns con vocabulario xeométrico (triángulo, cadrado, circulo, vertice...)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Estimar e comprender a información dos problemas con cantidades ata o 99.	TI	40
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Identificar e medir nas unidades convencionais dadas.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Expresar relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5^º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Magnitude - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Medición - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - recurso. - Relacións e funcións - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
6	CONTANDO POESÍAS	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.	PE	60
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Empregar estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias para comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Inventar problemas matemáticos, relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Responder, e estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades).		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar as conexións entre os diferentes elementos matemáticos, relacións de igualdade e desigualdade , números e operacións cos signos = e ?.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Responder, de forma oral e mostrar estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada. - Magnitude - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Medición - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Relacións e funcións

Contidos
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.

UD	Título da UD	Duración
7	CHEGA A PRIMAVERA	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas, sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.	PE	60
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Propor posibles solucións aos problemas, utilizando unha linguaxe matemática sinxela sobre figuras xeométricas na contorna física.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar e aplicar as conexións entre os elementos matemáticos na modelización xeométrica.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Interpretar e representar situacións, determinar datos útiles, hipóteses, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.	TI	40
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Responder, de forma oral, as preguntas plantexadas sobre as solucións dos problemas estimando resultados sobre medidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da

Contidos

- representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Sentido das operacións.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Medición
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Descrición de obxectos cotiás cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.

UD	Título da UD	Duración
8	AVENTURA EN LAS MONTAÑAS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e empregar estratexias de cálculo, de comparación e descomposición numérica.	PE	60
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas coma axuda na resolución de problemas de sumas e restas.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Obter datos descoñecidos na resolución de problemas.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Empregar recursos gráficos como medio para expresar resultados.	TI	40
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Responder, de forma oral, as preguntas plantexadas sobre as solucións dos problemas estimando resultados.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Identificar relacións entre distintos elementos matemáticos e expoñer os pasos seguidos para resolver un problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Educación financeira

Contidos

- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.
- Magnitude
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Estimación e relacións
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relacións e funcións
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Organización e análise de datos
- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.

UD	Título da UD	Duración
9	UN DESCUBRIMIENTO PREHISTORICO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar representacións sinxelas coma axuda na resolución de problemas.	PE	60
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Coñecer e aplicar as conexións entre os diferentes elementos matemáticos en contexto de resolución de problemas de medida.		
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información dos problemas.	TI	40
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer as conexións entre os elementos matemáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expresar de maneira gráfica ou verbal os resultados dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Medición - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Relacións e funcións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
10	Unidade transversal	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo e na resolución pacífica de conflitos.	TI	100
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Investigar patróns e propiedades matemáticas sinxelas de xeito guiado.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións entre os números e a súa presenza na vida cotiá.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expresar os resultados de procesos matemáticos sinxelos, de forma verbal e gráfica.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Desenvolver o rol asignado no seu equipo.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas empregando estratexias básicas.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións entre as matemáticas e a súa presenza na vida cotiá en contextos e medida.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir unha linguaxe matemática adecuada.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Estabelcer relacións de respecto e igualdade no traballo en equipo en contextos espaciais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións entre as matemáticas e a vida cotiá en contextos espaciais.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir unha linguaxe matemática adecuada en relación ao sentido espacial.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expresar os resultados de forma gráfica ou verbal en contextos de sentido espacial.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Identificar emocións ao abordar novos retos matemáticos.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de resolución de problemas empregando o pensamento computacional.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplicar estratexias básicas de resolución de problemas xeométricos.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Establecer relacións matemáticas sinxelas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Empregar principios básicos do pensamento computacional.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar o erro como unha nova oportunidade de aprendizaxe.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender a información contida en preguntas para a resolución de problemas da vida cotiá.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplicar estratexias de resolución de problemas.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a presenza das matemáticas na vida cotiá.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquirir unha linguaxe matemática básica,		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas en relación as matemáticas.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar de xeito respectuoso no traballo en equipo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Cumprir as responsabilidades de acordo ao rol asignado.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Empregar patróns, e establece relacións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar os coñecementos matemáticos para recoñecer conexións entre os distintos elementos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións entre as matemáticas e outras áreas.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expresar de forma verbal ou gráfica resultados matemáticos en contexto sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.

Contidos

- Magnitude
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Medición
- Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Modelo matemático
- Relacións e funcións
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.

Contidos

- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En liñas xerais está programación didáctica sigue os seguintes principios metodolóxicos.

Principio de consistencia evolutiva: Supón a necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, do nivel do grupo, de xeito que toda a intervención educativa debe ter en conta o desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a.

Principio de aprendizaxe significativa: É Ausubel o primeiro que fai referencia ao termo de aprendizaxe significativa. Define aprendizaxe significativa como aquilo que relaciona as novas aprendizaxes cos que xa se atopan na estrutura cognitiva. O profesor partindo dos coñecementos previos dos seus alumnos/as, debe presentar actividades que atraian o seu interese e que o alumno poida relacionar coas experiencias anteriores para iso en todas as unidades se realizan actividades de introducción e activación dos coñecementos previos. Potenciar a autonomía e a liberdade autorregulada do alumnado na súa aprendizaxe: Ou o que ven a dicir o mesmo a seguinte expresión: “Que o neno/a aprenda a aprender” dotando aos alumnos/as das estratexias necesarias para elo. Por iso as metodoloxías aplicadas nas uniades didacticas pretenden que o alumnado se desenvolva nun Entorno Personal de Aprendizaxe (PLE). O alumno debe sentirse responsable das propias decisións e afrontar as consecuencias. Aprender a decidir libremente é unha tarefa chea de dificultades que debe iniciarse o máis cedo posible. O profesor é simplemente un mediador ou guía para que a liberdade de cada un non vulnere o dereito de liberdade dos outros. Promover a actividade-interactividad por parte do alumnado: A actividade é unha das características fundamentais do alumno/a de Primaria. Sigo o Principio de estimulación sensorial e lingüística, a cantos máis estímulos estea exposto un alumno máis pode aprender. Por iso hai que utilizar gran variedade de recursos e en diferentes modalidades sensoriais.

As comunicacións intrapersonais, socialización: mediante o traballo cooperativo. Como sinala Bruner “os alumnos expertos poden ofrecer axuda aos inexpertos” o que ven sendo a Tutoría entre iguais que se leva acabo na aula. Sigo o principio de clima afectivo e de seguridade, o alumno só sentirá desexo de aprender cando teña cubertas previamente as necesidades básicas de afecto e seguridade. As relacións co profesor/a son decisivas para o desenvolvemento da identidade e das características da personalidade do neno/a. Por iso se traballa directamente a xestión das emocións.

Partir da diversidade da aula, individualización: É importante coñecer a situación particular de cada neno/a, os seus intereses, circunstancias sociais e culturais e adaptarse a iso para que se produza a aprendizaxe. Por iso son tan importantes as actividades de ampliación e reforzo.

Perspectiva globalizadora: O pensamento do neno/a non é analítico senón sincrético ou global, por iso as experiencias educativas que se levan a cabo deben relacionar os distintos contidos das diferentes áreas, e dende unha perspectiva real.

Carácter lúdico das actividades: imprescindible, pois a través del, o neno/a elabora a súa aprendizaxe, crece, desenvólvese, e ademais é unha actividade que lle produce pracer e benestar. Por iso gran parte das actividades que se propoñen para desenvolver nesta programación teñen un compoñente lúdico, (del Toro). Ademais hoxe en día o emprego das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación provocan que a realidade da escola sexa máis motivadora e que o profesor non sexa a única fonte de información.

Principio de pedagogía do éxito e motivación: Segundo Vigotsky, os pequenos logros e a motivación serán a base da nosa metodoloxía.

Na aula seguiranse unha serie de metodoloxías e técnicas que se escolleron por considerar que son as máis adecuadas as características que presenta o grupo. En liñas xerais é unha metodoloxía activa e participativa, onde o mestre é o de guía e son os alumnos e alumnas os protagonistas de todo o proceso. Ademais disto será flexible e personalizada cando se requira e terá en conta os diferentes niveis e capacidades do alumnado así como as súas características individuais e como grupo. Está encamiñada a que o alumno acade o mellor posible as competencias clave, especialmente aquelas nas que esta materia pode contribuír en maior medida e fomentar o desenvolvemento das diferentes intelixencias múltiples (Gardner). Seguense as directrices de teorías innovadoras de aprendizaxe como é o “Conectivismo,” cuxo principal impulsor é George Siemens e relacionase co uso das TIC. Esta é a teoría do aprendizaxe na era dixital, defende que as aprendizaxes residen fóra dos alumnos, está enfocado a conectar con conxuntos de información cando sexa necesario para así aprender máis. A nova información adquirida, posibilita que o alumno recoñeza cando a información é importante e cando non é, a compartir os seus coñecementos cos demais mentres que os demais comparten con el. “ O importante non é que os nenos /as saiban hoxe, senon que sexan capaces de aprender a buscar o que necesitarán saber mañá”.

Por último desenvólvese actividades do APRENDIZAXE BASEADO NO PENSAMENTO, traballando as diferentes rutinas de pensamento.

Debemos ter en conta as necesidades do neno/a e en función delas organizar o espazo para favorecer así o desenvolvemento de todas as potencialidades. Foron moitas as razóns que me levaron a organizar o aula por recunchos ou estacións de traballo, entre outras porque:

- Axudan o paso da educación infantil a primaria.
- Fomentan o aprendizaxe significativo e funcional.
- Axudan ao neno/a a pasar do egocentrismo á socialización.
- Favorecen a autonomía persoal e promoven a responsabilidade.
- Espertan a curiosidade e o interese
- Favorecen a experimentación, a observación e a manipulación.
- Fomentan a busca creativa de solucións.
- Axudan ao desenvolvemento da linguaxe verbal.
- O neno/a atopa o espazo e o tempo necesario para pensar por sí so.

Todos os nenos e nenas durante unha sesión en cada unidade, traballarán nos nosos catro recunchos noemados con anterioridade. Cada grupo deben pasar por todos os recunchos e realizar a actividade que eu propoña.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro Mates + de Santillana
Recursos da pantalla dixital
Láminas.
Material audiovisual
Recursos de materiais manipulativos
Tablet, apps para o desenvolvemento da numeración e o cálculo, así como a adquisición de conceptos básicos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que producen nel e as dinámicas que funcionan ben ao longo do tempo. Tamén incorporaranse datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Plantexamento de dinámicas de grupo para detectar como ten relación o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular:

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	10	10	10	10	13	12
Proba escrita	0	60	60	60	60	60	60	60	60	0
Táboa de indicadores	100	40	40	40	40	40	40	40	40	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	50
Táboa de indicadores	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Contamos cunha táboa-resumen dos pesos de cada unidade da materia e dos graos mínimos de consecución. A unidade transversal avalíase nos tres trimestres, aportando o valor proporcional do peso total, sendo o 4% en cada un. A avaliación é continua, polo que o resultado da terceira avaliación é o resultado da avaliación final.

Elementos para a cualificación

Avaliación continua e formativa

- Portfolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.
- Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar. Proponse unha serie de trazos a observar sobre os que o docente ha de sinalar a presenza ou ausencia.
- Rúbricas, que son unha poderosa ferramenta para a autorregulación da aprendizaxe, dado que indican o camiño a seguir ao longo do proceso, á vez que posibilitan unha avaliación obxectiva de actitudes e comportamentos non facilmente medibles con outros instrumentos.
- Cuestionarios de autoavaliación constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.
- A avaliación será continua e a nota final será a da terceira avaliación

Criterios de recuperación:

Consideramos que os contidos que queden sen superar poden considerarse recuperados se chegan a superarse na seguinte unidade didáctica, sendo a última avaliación a determinante para a consecución dos obxectivos. A avaliación será continua, de xeito que a nota da terceira avaliación será a nota final.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A acción educativa docente debe ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que necesite cada un para así garantir a súa liberdade, a súa autonomía e o seu desenvolvemento cotián. É evidente que os alumnos/as son diferentes uns doutros e que estas diferenzas refírense a varios factores: capacidades, motivacións, intereses, situación socioeconómica e familiar... polo que o mestre/a deberá atender a estas diferenzas e axustar a elas a súa intervención educativa.

Dentro desa diversidade, atopamos alumnos e alumnas con Necesidade específica de apoio educativo, engloba aos alumnos e alumnas que requiran, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Hai dous principios claves a ter en conta cos alumnos/as de Necesidades Específicas de Apoio Educativo, que son a normalización e a inclusión. A inclusión trátase dun concepto que vai máis alá da integración. Por todo isto, débese atender ás diferenzas e axustar a elas a intervención educativa. As programacións deben incorporar adaptacións para os alumnos/as con características especiais e permitir facer cambios, xa que son abertas e flexibles.

En xeral, atendese a diversidade da aula mediante as actividades de reforzo, ampliación cando sexa necesario. Ademais debido as características do alumnado da aula contamos co apoio de especialistas en PT e AL e cunha coidadora.

As medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para acudir ao centro educativo por causas xustificadas, serán o uso da aula virtual, videoconferencias por plataformas corporativas e mensaxería por Abalar.

As estratexias de deseño universal de aprendizaxe coincide coas técnicas e principios especificados no apartado de metodoloxía desta programación.

Tendo en conta esta diversidade coa que contamos na aula teñense en conta os diferentes protocolos sendo os máis relevantes nesta aula o Protocolo de protección de datos, Protocolo de atención educativa para o alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia, Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar e Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento								
ET.2 - Igualdade de xénero		X	X			X		
ET.3 - Educación para a paz				X				
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.								
ET.5 - Educación para a saúde								
ET.6 - Educación emocional e en valores								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Emprendemento		X
ET.2 - Igualdade de xénero		
ET.3 - Educación para a paz		
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.		X
ET.5 - Educación para a saúde		X
ET.6 - Educación emocional e en valores		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PDI: "Un territorio con moita historia"	PDI da Biblioteca polo que traballaremos de xeito interdisciplinar como eixo fundamental a historia da nosa contorna. Vinculamolo ás matemáticas mediante a secuenciación temporal, os conceptos básicos de tempo , o cálculo do transcurso de anos...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro detective de decenas	Traballárase de xeito manipulativo, empregando diferentes materiais para achegarnos e perfeccionar a aprendizaxe das decenas e a composición e descomposición numérica.	X		
Obradoiro "Sementar"	Este obradoiro lévase a cabo no eido das ciencias sociais, pero tamén está moi relacionado con contidos matemáticos de medida e rexistros en táboas.		X	
Plan Proxecta "Proxecto Terra"	Ao igual co PDI, o Plan Proxecta relacionase coa área de matemáticas naqueles contidos referidos a secuenciación temporal, medida do tempo, elaboración de rexistros... Lévese a cabo ao longo dos tres trimestres.	X	X	X

Observacións:

Tendo en conta o carácter flexible de toda programación, debemos indicar que as actividades complementarias poden variar ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades?
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.
O alumnado acadou os obxectivos na súa maioría
Metodoloxía empregada
Queda claro o enfoque competencial.
A interdisciplinabilidade é operativa.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización foi adecuada.

Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
Clima de traballo na aula
O proceso levouse a cabo con fluidez.
Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

Descrición:

Ao rematar cada unha das unidades didácticas levarase a cabo a avaliación da práctica docente e do proceso de ensino. Para iso empregase o instrumento "taboa de indicadores" .Os ítems para a valoración puntúan de tres formas: óptimo, para revisar e para reelaborar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos podemos avaliar globalmente todo o proceso.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias coa fin de melloralas usaremos como instrumento unha taboa de indicadores onde se valorará do 1 ao 4 os ítems antes mencionados.

O seguimento da programación realízase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación Proens.

A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

9. Outros apartados